

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	OZA-CESURAS
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Dordaña
<b>Dirección</b>	Lugar Igrexa, 2 15391
	43.1764747106404 -8.224974459622494
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Trátase dun templo de planta rectangular dunha soa nave cunha sancristía apegada ó muro norte. Está construída a base de muros de cachotería, revestida de cemento pintado de branco agás nas esquinas e ocos onde se mantén a cantería á vista. A cuberta realízase a dúas augas; tamén o corpo da sancristía, e posúe cubrición de tella árabe. No interior, o espazo da nave está separado da cabeceira por medio dun arco triunfal.</p> <p>A fachada de traza sinxela, dende un eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular alintelada. Sobre o ingreso vai un óculo que ilumina o coro de madeira e, rompendo o vértice da fachada unha base para unha espadana de tres corpos flanqueado por dous pináculos piramidais. O primeiro corpo da espadana está formado por dous arcos de medio punto sobre piares que serven pra aloxa-las campás. O segundo fórmao un oco de arco de medio punto flanqueado por dous pináculos. No último corpo un pequeno frontón curvo cun oco circular no centro e coroado por un pináculo moldurado e unha cruz de forxa. Este corpo tamén está flanqueado por dous pináculos piramidais.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	17-04-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">PALACIO, DÁMASO</a>	1852	60	125

Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1936	75	244
----------	------------------------	---	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de Santa María de Dordaña - OZA-CESURAS \(GALICIA\)](#)

PDF (29-06-2026)